



# ENTROIDO 2013

Concello da Baña

( ~ ~ ~ )

## BASES

O sábado, día 16 de febreiro de 2013, terá lugar o desfile de comparsas do Entroido, no que poderán participar libremente todas aquelas persoas que o desexen; outorgaranse os premios de acordo coas seguintes categorías:

### PREMIOS COMPARSAS

- 1º PREMIO: 400 €
- 2º PREMIO: 260 €
- 3º PREMIO: 180 €
- 4º PREMIO: 100 €
- 5º PREMIO: 70 €

### PREMIO DISFRACES INDIVIDUAIS

- PREMIO AO MELLOR DISFRACE INFANTIL: 70 €
- PREMIO AO MELLOR DISFRACE ADULTO: 70 €

### NORMAS DE PARTICIPACIÓN:

1. A participación queda aberta a todas as asociacións, barrios, comunidades, colexios e persoas que o desexen.
2. Os/as participantes farán a súa presentación e confirmación no Concello da Baña, ás 16:30 horas.
3. Entenderase por comparsa a agrupación de máscaras ou disfraces e complementos dun número igual ou superior a 2 persoas.
4. As comparsas deberán gardar unha unidade temática tanto no vestiario coma na súa actuación.
5. Os criterios de valoración basearanse na orixinalidade, elaboración e acabados, adaptación e interpretación da temática escollida...
6. O itinerario do desfile que comezará ás 17:00 horas, concentrarase na rúa Xacinto Rodríguez, Praza do Concello e rúa Tedelle. A comunicación dos premios farase no pavillón polideportivo.

7. O xurado estará composto por 3 persoas como mínimo e sempre número impar.
8. A decisión do xurado comunicarase ao rematar o desfile, no pavillón de deportes.
9. A decisión do xurado é inapelable.
10. Toda comparsa que non acate as ordes da organización será descualificada e non optará aos premios.
11. A orde do desfile rexerese segundo a data de inscrición.
12. O Concello da Baña non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, a si mesmos ou a terceiros, ocasionen os/as participantes deste desfile de Entroido 2013.
13. A participación no concurso supón a aceptación destas bases.
14. A data límite de inscrición será o día 16 de febreiro ás 16:30 horas no Concello da Baña ou no teléfono 981 886 501.

## CONCELLARÍA DE CULTURA

D./D.<sup>a</sup>.....con  
NIF..... enderezo en .....  
.....e teléfono/s.....  
como representante da comparsa ou disfrace.....  
.....  
co dorsal núm..... na modalidade de.....

ACEPTO plenamente as bases deste concurso de Entroido 2013.

A Baña, ..... de febreiro de 2013

Asdo.: .....